



Ademais de cumprir as consideracións xerais do Protocolo Covid-19 do Instituto, extremáranse os protocolos de limpeza na Aula-taller de Tecnoloxía por tratarse dunha aula de uso máis compartido.

- ✓ O profesor/a irá a aula de referencia de cada grupo e acompañará ao alumnado ata a Aula-taller de Tecnoloxía cando a sesión se desenvolva neste espazo. Irán en ringleira de 1 gardando a distancia de seguridade, evitándose a formación de aglomeracións.
- ✓ Se houbera outro grupo na aula-taller; agardarase a que saia por completo o grupo anterior antes de entrar. Entrarase gardando a distancia evitando que se formen agrupacións de alumnado durante a espera, ventilarase a aula e o grupo entrante hixienizará pupitres ou mesas e cadeiras.
- ✓ É obrigatoria a hixiene de mans á entrada na aula-taller.
- ✓ Cada alumno/a ocupará o sitio que lle foi asignado e o profesor/a entregará o material necesario para a realización das tarefas ou prácticas a desenvolver na sesión.
- ✓ Na aula-taller establécense dúas zonas diferenciadas: unha zona que ocupa case a totalidade da aula taller e que conta con mesas de traballo e outra zona con equipos informáticos.
- ✓ Adaptarase a metodoloxía da aula evitando a formación de grupos e minimizando o contacto con materiais. En todo caso evitarase que o alumnado estea encarado a unha distancia inferior a 1,5 metros.
- ✓ Cada alumno/a levará a aula-taller o seu estoxo, caderno e o seu propio material de debuxo (escuadra, cartabón, regra e compás).
- ✓ Cando se use material susceptible de ser compartido lembraráselle ao alumnado a necesidade e importancia da hixiene de mans antes e despois de usar o material. O material que sexa compartido, debe de ser desinfectado ao inicio da actividade e unha vez terminada a clase. Implicárase ao alumnado na concienciación social que ten a limpeza dos elementos comúns de uso privativo.
- ✓ Os equipos de protección individual que non formen parte do equipamento propio do alumnado deberán estar perfectamente hixienizados para o seu uso.

- ✓ O uso das ferramentas e dos equipos de traballo planificarase de xeito que a realización da práctica supoña a mínima manipulación posible. Deberán ser hixienizados despois de cada actividade para o seu uso polo seguinte grupo ou alumno/a.
- ✓ Estableceranse as medidas axeitadas para que o alumnado especialmente sensible poida desenvolver as actividades.
- ✓ Na medida do posible, substituirase o emprego de materiais por simulacións virtuais con medios informáticos co fin de diminuír os contactos co material.
- ✓ Evitarase o desprazamento do alumnado dentro da aula.
- ✓ Finalizarase a clase na aula-taller 5 minutos antes, de xeito que se poida organizar a saída ordenada e paulatina do alumnado, de 1 en 1, deixando a distancia de seguridade.
- ✓ É obrigatoria a hixiene de mans á saída da aula-taller.

O alumnado será informado sobre as medidas e recomendacións a seguir e colocaranse carteis informativos.